

Bush: ¿un Ahab moderno?

Saul Landau

‘Xoguetes KB’ vén de presentar unha “Figura de Acción” George W. Bush chamada *Aviador Naval*, producida por *Blue Box Toys* en China. Se vende por \$39,99, e conmemora ó “histórico” Bush do 1º de maio vestido de piloto de combate e aterrando no portaavións Lincoln. “Gañamos”, dixo. As hostilidades en Iraq remataran.

Cando algúns iraquís resistiron, Bush ridiculizounos. “Que veñan”. Decenas de soldados norteamericanos mortos pagaron o prezo do desafío de Bush. ¡Oian, así é a guerra! Os líderes lideran e os soldados morren.

De xeito semellante, Bush parece burlarse da Natureza. O Presidente, que é un tipo animado, non teme a ninguén nin a nada. Por outra parte, pasa bastante tempo na *Casa Branca*, no seu rancho de Texas ou apañando diñeiro. ¿Será un xoguete de carne e óso dos que se lles dá corda e falan, ou debemos comparalo co capitán que comandaba o barco literario *Pequod* da novela de Herman Melville?

Ó igual que Ahab, Bush vai tras cruzadas persoais antepoñendo unha fachada relixiosa. ¡Maldito *Al Qaeda*! ¡Maldita balea! Ahab desafiou á besta branca, o símbolo do poder de Deus no océano. Bush buscou a Osama Ben Laden –durante un curto espacio de tempo– e agora cambiou a súa atención cara ós recursos terreaís de Deus.

“Sacarémoslos con fumo”, pode ter incitado ás árbores do bosque cando alardeaba acerca de capturar a Ben Laden, ¿ou se estaba a referir ás terras virxes onde planeaba ordenar novas perforacións de gas e petróleo?

A indomable criatura mariña de Melville pode ter representado ó poder, vontade e presenza inescrutables de Deus, como se dixese: “Podes ir ata un punto coa túa exploración dos camiños para domina-la Natureza, pero non máis alá”. Falando por medio de *Moby Dick*, Deus advertira a Ahab ó arrincarlle a perna. Ahab fixo caso omiso da advertencia e continuou coa súa caza contra natura.

Deus ou a Natureza crearon as especies para que perseveraran; desta maneira, a maioría dos animais saben instintivamente que non deben ensuciar os seus niños ou cometer actos que fagan periga-la especie. Os biólogos mesmo explicaron o suposto comportamento suicida dos *lemmings*, os roedores noruegueses que semellan suicidarse ó marchar cara ó océano cada certo tempo.

Segundo o biólogo da Universidade de Connecticut Peter Turchin na revista *Nature* de xuño de 2000, os *lemmings* aparentemente responden a unha escaseza de alimento no canto “da crenza xeneralizada de que se suicidan en masa, cando o seu número aumenta demasiado”. Estes depredadores comen musgo, pero a medida que medra o seu número, os *lemmings* acaban co seu alimento nos seus hábitats árticos e alpinos con maior rapidez da que o musgo crece. Ó se enfrontar a unha desesperada carencia de alimento, os *lemmings* tentan emigrar na procura de áreas onde aínda poida haber comida”.

Pero os humanos que gobernan en Estados Unidos búrlanse do medio natural. ¿Teñen algo que probar como Ahab na súa loita mortal coa balea?, ¿que o home pode exercer-la súa vontade sobre o dominio de Deus?

Cando nun curto período de tempo ocorren: o quentamento global, o debilitamento das capas de ozono, o derretido das capas de xeo nos Andes e no Monte Kilimanjaro, xunto coa ruptura dos casquetes polares árticos, a recorrencia de “*El Niño*” e a crecente desertización, é que xa soou a consabida alarma.

Non podemos confiar en que os directores xerais das corporacións se responsabilicen co medio natural da Terra. Incluso o mellor e máis intelixente dos directores xerais demostra que se dedican máis ó estado de contas que ó beneficio público.

O moitas veces anunciado director xeral de *General Electric*, Jack Welch, respondeu irritado a Lesley Stahl no programa *60 Minutes* acerca da política da compañía de arroxar substancias químicas perigosas no río Hudson.

“¡Usouse a palabra ‘arroxar’! ¡Nós non arroxamos! Tiñamos unha autorización do goberno dos EEUU e do estado de Nova York para facer exactamente o que fixemos. ¿Ti cres que eu podería traballar nunha compañía que fixera iso ou o condonara, Lesley? ¡Isto é unha tolemia!” (Transcrición de Noticias CBS, *60 Minutes*, 29 de outubro de 2000).

En realidade, a acción “autorizada” da GE violou os permisos e as leis de calidade de augas, segundo un xuíz de dereito administrativo do estado de Nova York en 1976. É máis, en 1970, *Monsanto*, o fabricante dos mortíferos PCBs advertiu a GE que non emitise PCB ó entorno. Sen embargo, GE continuou arroxando as mortíferas substancias ata 1977.

O comportamento de Welch seguía o exemplo de capitalistas anteriores. Antes de levantar áncoras o *Pequod*, Bilbad, un dos propietarios do barco, aconsella á tripulación: “Non cacen demasiadas baleas no día do Señor, xente, pero non perdan tampouco unha boa oportunidade, iso sería rexeita-las boas dádivas do Ceo”. ¿Que clase de código de ética!

“Rexeita-las boas dádivas do Ceo” significa non desperdiciar diñeiro en neutralizar apropiadamente os refugallos tóxicos. Welch e outros “arroxaron” PCBs e hidrofluorocarbonos na auga, no aire e no solo. Ou miraron cara a outro lado mentres os directores das súas sucursais no Terceiro Mundo se dedicaban a esas prácticas. Os triunfantes directores xerais nas oficinas centrais non queren coñece-los detalles: ningunha escusa “ambientalista” mellora o estado de contas final.

En Ecuador as compañías petroleiras crearon o caos. Un despacho de *Reuters* do 2 de maio de 2003 di, que entre 1971 e 1972 *Texaco Petroleum Corp*, unha subsidiaria de *Texaco, Inc*, que se fusionou con *Chevron* en 2001, arroxou case 189 mil millóns de galóns de auga mesturada con petróleo en fosos sen revestimento, estuarios e ríos durante as súas operacións no Oriente ecuatoriano.

Anos máis tarde, milleiros de ecuatorianos reclamaron xudicialmente á compañía, acusando a *Texaco/Chevron* de contaminar “fontes de auga potable, causar problemas de saúde e provoca-la morte de animais de cría”.

Como era de esperar, funcionarios de *Chevron/Texaco* negaron as acusacións e aseguraron que trataran as augas apropiadamente antes de substituílas. “*Texaco* decidiu arroxar estas toxinas no Amazonas a fin de aforrar diñeiro e aumenta-las súas ganancias”, dixo Steven Donzinger, avogado dos reclamantes, que estimou que *Texaco* entre 1964 e 1992 “aumentara as súas ganancias en \$4,5 mil millóns de dólares ó arroxa-la auga producida en vez de volver inxectala”.

Gracias ós esforzos dos activistas do medio natural os gobernos da maioría das nacións, recoñecendo de mal grao que as corporacións non tiñan intención de deter –ou non poden deter– a súa contaminación global do niño humano para obter ganancias, asinaron en 1989 o ‘Protocolo de Montreal’ para obrigar á industria a deixar de producir e usar materiais que debilitan a capa de ozono.

¡Xusto a tempo! No sur de Chile, onde a capa de ozono se volveira máis delgada, os residentes comezaron a sufrir cancro de pel en cantidades *record*. É máis, sen o ozono que protexe a pel humana da radiación ultravioleta, a vida mesma sería insostible.

Cando as “civilizacións” anteriores ignoraron as regras da Natureza, devastaron o entorno. Os españois desataron os seus porcos nas, delicadamente balanceadas, paisaxes dos aztecas en México. EEUU probou bombas atómicas nos atois ecoloxicamente fráxiles do Pacífico nos anos 1940 e 1950. O resultado foi o cancro e a destrución do hábitat.

Dende entón a forte reacción dos activistas perante as políticas ecoloxicamente destructivas, fixo que os gobernos se enfrontaran ó feito en Kyoto en 1977. Despois de que o presidente Clinton ofrecera que o Tratado se aprobaría, o Congreso disentiu. Preto de cincuenta senadores, moitos dos cales pertencían a comités de enerxía, simultaneamente recibiron agasallos de máis de \$10 millóns en doazóns de parte das compañías do gas e o petróleo. ¡Ah, outra vez as “boas dádivas do Ceo”!

En 2001 Bush simplemente rexeitou o tratado asinado polos Estados Unidos e 54 países máis. Os líderes gobernamentais e “ambientalistas” de todo o mundo retorceron as mans. Os directores xerais das compañías enerxéticas alegráronse.

A intención de Kyoto era elimina-las emisións de gases de invernadoiro por parte das nacións industrializadas. “Non aceptarei un plan”, dixo Bush de xeito desafiante o 30 de marzo de 2001 (UPI), “que faga dano á nosa economía e ós traballadores norteamericanos”. A inmensa maioría dos principais científicos declararon que existía evidencia máis que suficiente de que o quentamento global provocaría consecuencias devastadoras. Os gobernos debían conte-las ameazas ó medio natural. Bush sorriu cinicamente.

James Inhofe, senador republicano por Oklahoma, suxeriu que o quentamento global podería ser “o maior engano que se teña perpetrado contra o pobo norteamericano”. O delirante Rush Limbaugh falou por radio no nome de incontables seguidores de Bush cando declarou que o quentamento global era unha conspiración liberal.

Paul Krugman, columnista de *The New York Times* (8 de agosto de 2003), acusou á Administración de “seguir unha estratexia de negación e decepción”. Krug-

man citou un memorando do outono de 2002 de Frank Luntz, o enquisador republicano, “de como neutraliza-la percepción pública de que o partido está en contra do medio natural”.

O informe recoñecía que, pese a que os científicos practicamente pecharan o debate acerca do quentamento global, os republicanos aínda posuían un pequeno oco. “Aínda existe unha oportunidade para se enfrontar á ciencia”, dixo Luntz. Os intermediarios das industrias que se interesan polas emisións sen regulamentar (autos e camiións, carbón, petróleo e gas, por exemplo) seguen a mentir acerca da incerteza da ciencia. Lembren as chanzas dos intermediarios do tabaco acerca da evidencia de que fumar producía cáncer.

Bush, un “Arroubado” relixioso renacido tamén amosa pouco interese polo que os científicos anuncian como terribles consecuencias debido ás políticas industriais dos EEUU. Nun correo electrónico do 8 de agosto de 2003, Beah Robinson describe o Arroubo para os cristiáns que ela coñeceu namentres medraba “coma unha especie de protección da ira de Deus que caerá sobre os teimudos pecadores deste mundo. Porque os ‘renacidos’ teñen unha relación ‘persoal’ con Xesús, confían en “El” para que os protexa nas batallas da fin dos tempos. Consideran que a súa misión é ser bos cristiáns, segui-la Biblia e estar preparados para a fin dos tempos, que pode chegar en calquera momento”.

Non me preocupa o meu destino final. Pero estou preocupado agora. O Presidente e os que o rodean parecen desexa-la destrucción. Ahab destruíu a súa tripulación e o seu barco en busca da vinganza ou da conquista. O pulo de Bush por dominar a Natureza pode que vaia máis alá das súas obrigas coas industrias que queiman combustible fósil. Poida que o capturase o arroubo. ¿Ou é que el non é máis ca un modelo dunha compañía que fabrica os seus xoguets en China?

Saul Landau é director de Digital Media and International Outreach Programs for the College of Letters, Arts and Social Sciences (California State Polytechnic University).